

YOLANDA DÍAZ GALLEGO

A VOZ DAS MULLERES “CONTRARIADAS” DA GALICIA DO EXILIO

Yolanda Díaz Gallego foi un dos máximos referentes do activismo cultural da emigración galega. Filla de familia republicana, a súa nai sempre tivo claro que a mellor herdanza que podían recibir as súas fillas é a educación, xa que dicía que *o valor dos cartos varía, mais o da educación nunca*.

Yolanda empezou a súa andanza cultural no escenario do cine Cissa da súa vila natal, Sarria no mundo do teatro, iniciouse tamén na música e noutras disciplinas culturais. Dona M^a Teresa Coloma, inspectora represaliada, desterrada de Valencia e Dona Lola transmitíronlle na escola as arelas de saber e de coñecer mundos diferentes. Desde pequena tivo claros os seus desexos de liberdade como muller plantándose ante a veciñanza, que non vía con bos ollos o seu carácter independente.

Desatende os consellos dos xesuítas, *Non debes estudar, téis que axudar na casa* e Yolanda remata os seus estudos de Peritaxe Mercantil na Coruña. Non pode recoller o título académico, porque non fixo o Servizo Social (négase a vestir a camisa azul e a cantar o *Cara al sol*); cando volve polo certificado de estudos, 25 anos despois, xa a deran por morta.

Nunha sociedade onde o medo e a desconfianza reinaban, as denuncias levaban vidas por diante e a censura era abafante, a nai de Yolanda decide ir no 53 coa familia a Uruguai. Muller sen marido enfronta toda clase de atrancos para conseguir o pasaporte, catro comerciantes da vila asinan un escrito que facilita a obtención do certificado de penais. O Servizo Social era un requisito indispensable para as mulleres maiores de idade, houbo que montar unha historia falsa de servizo doméstico nunha casa particular, para que Yolanda obtivera o seu certificado.

Os estudos facilitan á moza de 22 anos a inserción no mundo laboral, entrou de auxiliar no Banco de Galicia, en Montevideo, e retirouse como secretaria de dirección da casa central e única muller en posto directivo entre 126 homes.

Casada, compaxinou a educación dos fillos e a vida familiar co traballo. Dende o seu posto, axiña entrou en contacto coa comunidade galega residente no país. A lembranza dunha Galicia esnaquizada política, económica e culturalmente pola ditadura latexa con forza no exilio. Yolanda participa e organiza diferentes iniciativas a prol da cultura e da lingua galega tanto no eido teatral como musical.

Cofundadora do Patronato da Cultura Galega no Uruguai, dende a delegación uruguia do patronato Rosalía de Castro organiza tamén diversas actividades , que permiten recadar fondos para a fundación da Casa museo en Padrón. En contacto co mundo da literatura galega no exilio, colaborou na publicación de diferentes obras, entablou amizade con Anisia Miranda e Neira Vilas, colaborou na publicación da *Historia de Galicia*, de Otero Pedrayo. Xunto cos compañeiros exiliados, organiza unha recollida de cartos para sufragar os gastos dun busto de Castelao para Rianxo, o primeiro instalado en Galiza.

É parte fundamental e colaboradora do programa de radio de Uruguai, *Sempre en Galiza*, primeiro programa radiofónico en galego que aínda hoxe se emite. Ante o golpe de estado do 78 no Uruguai, a familia decide escapar. *Cóidate, que estás cunha raia roxa*, díciánlle no Consulado español. Aparece unha oportunidade de traballo en Barcelona e comezan en Cataluña unha nova andaina.

Muda a paisaxe, mais Galicia segue presente na vida de Yolanda. Desempeñou durante 26 anos o cargo de Presidenta da Asociación Cultural *O Penedo*. Autora de obras teatrais, publicadas co pseudónimo de Aurora Peña López, dirixiu o grupo de teatro Zarabanda.

A súa dedicación foi recoñecida con diferentes homenaxes e premios. *Muller de acción, muller boa e xenerosa*, aos 84 anos, partilla a súa vida entre Barcelona e Galicia.

Yolanda Díaz Gallego participará no ciclo **CONTRARIADAS** a través dun **encontro-entrevista** que lle realizará **María Xesús López Escudeiro** co obxectivo de facer visible o papel das mulleres desa xeración con espírito de contradición, capaces de desenvolver o seu propio potencial nunha época escura, en particular para as mulleres.

Unha muller que ten moito que dicir e que aportar na súa experiencia de desenvolvemento de accións culturais rompedoras no seu momento e que aínda a día de hoxe mantén unha intensa actividade a prol da cultura galega en particular e da expresión artística e cultural en xeral.